EXCMO CONCELLO DA ESTRADA

# ACTA

| Expediente núm.: | Órgano colexiado: |
|---|---|
| PLN/2019/12 | O Pleno |

## DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN

| | |
|---|---|
| **Tipo Convocatoria** | Extraordinaria<br>Motivo: «Remisión á Deputación Provincial dos expedientes que se propoñen aos efectos de que se aplique a bonificación por usos agrarios» |
| **Data** | 22 de xullo de 2019 |
| **Duración** | Desde as 20:40 ata as 20:50 horas |
| **Lugar** | Salón de Plenos do Concello de A Estrada |
| **Presidida por** | JOSE CARLOS LOPEZ CAMPOS |
| **Secretaria** | SANDRA MARIA GARCIA CHENLO |

## ASISTENCIA Á SESIÓN

| DNI | Nome e Apelidos | Asiste |
|---|---|---|
| [redacted] | ALBERTO MANUEL BLANCO CARRACEDO | SÍ |
| [redacted] | ALFONSO FIGUEIRAS REY | SÍ |
| [redacted] | AMALIA GOLDAR CORA | NON |
| [redacted] | AMALIA LAGO DURAN | SÍ |
| [redacted] | BELÉN LOUZAO VIEITES | SÍ |
| [redacted] | CARMEN GÓMEZ OTERO | NON |
| [redacted] | GONZALO LOUZAO DONO | SÍ |
| [redacted] | IVAN MANUEL SANMARTIN EIRIN | SÍ |
| [redacted] | JOSE CARLOS LOPEZ CAMPOS | SÍ |
| [redacted] | JOSÉ ISMAEL PENA VILLAMOR | SÍ |
| [redacted] | JUAN CARLOS GONZALEZ BARCIA | SÍ |
| [redacted] | JUAN MANUEL CONSTENLA CARBON | SÍ |



Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030. Fax: 986570233

JOSE CARLOS LOPEZ CAMPOS (1 para 2)
ALCALDE
Data de Sinatura: 09/09/2019
HASH: 635ac328dcccd4a6afb6b15c3aef9672

SANDRA MARIA GARCIA CHENLO (2 para 2)
SECRETARIA
Data de Sinatura: 09/09/2019
HASH: 22542b2fbefeb8675e24bb7d776f8c84

ACTA DO PLENO
Número: 2019-0013 Data: 09/09/2019

Cod. Validación: H4RJA3ZJYAKZKD476S6THMGMR | Corrección: http://aestrada.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 6

EXCMO. CONCELLO DA ESTRADA

| | | |
|---|---|---|
| [redacted] | LUCIA SEOANE ROSENDE | SÍ |
| [redacted] | LUIS LOPEZ BUENO | SÍ |
| [redacted] | LUIS RENDO ARAUJO | SÍ |
| [redacted] | MARIA DEL MAR BLANCO CASAIS | SÍ |
| [redacted] | MARÍA ÁNGELES PAIS CARBIA | SÍ |
| [redacted] | MIGUEL ÓSCAR RANCAÑO BRAÑANOVA | SÍ |
| [redacted] | Mª DEL CARMEN DURÁN LEA | SÍ |
| [redacted] | PATRICIA CARRACEDO DURAN | SÍ |
| [redacted] | SUSANA CAMBA CASTRO | NON |
| [redacted] | ÓSCAR ALEJANDRO DURÁN BARROS | SÍ |

Unha vez verificada pola secretaria a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día

## A) PARTE RESOLUTIVA

**Expediente 3236/2019. DECLARACIÓN DE ESPECIAL INTERESE OU UTILIDADE MUNICIPAL DA ACTIVIDADE ECONÓMICA DESENVOLVIDA PARA APLICACIÓN DE BENEFICIOS FISCAIS**

**Favorable** **Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

Outórgaselle a palabra ao Concelleiro delegado de Facenda, **D. Alberto Blanco Carracedo**, quen procede a explicar o asunto que se trata neste punto, a este respecto informa que no seu día este Concello, en uso das facultades que lle outorga o artigo 64.2.quater do Texto Refundido da Lei reguladora de Facendas Locais, procedeu á modificación da Ordenanza do Imposto sobre Bens Inmóbeis, engadindo o artigo 9.4.bis polo que se establece un bonificación por usos agrarios, gandeiros ou forestais.

Continúa dicindo que á vista das solicitudes presentadas en tempo e forma para obter a bonificación por usos agrarios, gandeiros ou forestais do apartado 4 bis do artigo 9 da ordenanza do Imposto sobre Bens Inmobles; tendo en conta que este beneficio fiscal está sometido á condición de que o Pleno do Concello declare de especial interese ou utilidade municipal as actividades económicas realizadas nos inmobles por concorrer circunstancias sociais, culturais, histórico-artísticas ou de fomento do emprego; vista a documentación en cada caso achegada; e, considerando que o apoio e a promoción da economía estradense requiren medidas de impulso ás actividades do sector primario, como é o caso das explotacións agrícolas e gandeiras realizadas nos respectivos inmobles; o departamento de Intervención emitiu os correspondente informes.

Posteriormente, o expediente foi sometido a ditame da Comisión Informativa de



ACTA DO PLENO
Número: 2019-0013 Data: 09/09/2019

Cod. Validación: H4RJA3ZJYAKZKD476S6THMGMR | Corrección: http://aestrada.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 6

Facenda e Especial de Contas, en sesión celebrada o 16/07/2019, polo que agora procede á aprobar polo Pleno a proposta de declarar de especial interese ou utilidade municipal as actividades económicas desenvolvidas nos inmobles que figuran no anexo ao presente ditame, para os efectos da aplicación da bonificación por usos agrarios, gandeiros ou forestais do apartado 4 bis do artigo 9 da ordenanza do Imposto sobre Bens Inmobles, a favor dos titulares catastrais dos inmobles indicados, nas porcentaxes que en cada caso procedan, segundo se recolle no Anexo I do expediente.

Pide a palabra o voceiro do grupo do Partido Socialista, **D. Luis López Bueno**, para trasladar o seu voto a favor desta proposta, lembrando que derivou dunha previa proposta do seu grupo no ano 2017, servindo de base para a adopción dun acordo conxunto de todos os grupos municipais no 2018. Continúa dicindo que hai que ter en conta que se tratan dunhas bonificacións que afectan ás actividades económicas exercidas no sector primario do rural, pero os alpendres.... seguen mantendo o seu valor catastral, polo que é unha traba para vivir no rural, polo que considera que deberíanse buscar outras opcións no IBI e que hai noutros concellos. Ademais, di que son 305 os potenciais beneficiarios que poderían beneficiarse desta medida (segundo datos que manexa o grupo de goberno), pero tan só 81 o conseguiron dos 128 que a solicitaron, polo tanto tan só un 48% dos potenciais beneficiarios; polo anterior se pregunta que foi o que pasou para que non todos solicitaran esta bonificación, podendo ser causa a que non se entearan por falta de suficiente publicidade por parte do Concello, polo que considera que, de cara aos vindeiros exercicios, deberíase procurar que eses 180 beneficiarios que faltan por solicitar a axuda reciban unha carta informativa a este respecto.

Continuando coa súa intervención, o Sr. López Bueno di que considera que este asunto colleu ao goberno "co pé cambiado", xa que dende que foi aprobada esta bonificación en outubro de 2018 os expedientes poderían estar completos e tramitados, porque a carga de traballo tiña que estar prevista. Así mesmo, aínda que se trata dunha boa medida, deberíase ir máis alá, de feito na Comisión Informativa falábase do Tratado da Unión Europea con MERCOSUR, e así as explotacións da Estrada poderían competir con xigantes como Brasil e Arxentina o que ocasionará a súa ruína e peche; polo dito, considera que o Concelleiro delegado de Promoción Económica debería poñerse as pilas e elaborar unha estratexia, favorecer a combatividade do noso sector primario e, neste sentido, esa medida pode axudar, pero para iso hai que ser máis ambiciosos.

Intervén a voceira do grupo municipal de MOVETE, **Dna. Mar Blanco**, para trasladar que votarán a favor desta proposta, pero lamenta que o noso rural perda peso a pesares de que, no seu momento, foi un dos principais sustentos económicos, pero na última década case a metade das explotacións agrarias e gandeiras víronse obrigadas a pechar, por culpa dunhas políticas que non teñen en conta as peculiaridades do noso agro e que demostran como o Partido Popular está en contra dos intereses dos sectores produtivos galegos. Polo anterior, e aínda que o Concello non ten competencia para transformar a situación do sector primario, considera que dende a administración local poderíanse impulsar medidas concretas que apoien a este sector; de feito, durante a anterior lexislatura, o seu grupo presentou algunha proposta nesta senso, tal como o impulso da agricultura ecolóxica, sen embargo o Partido Popular local non tivo interese para levalas a cabo, pero di que agora cóntase con catro anos por diante para poder tomarse medidas que fagan promoción do rural e da economía estradense.

Di tamén que, tendo en conta a realidade do sector, o feito de impoñerlle unha taxa de 60 euros por construción e debido a este proceso de regularización catastral que, cun mero afán recadatorio iniciado o Partido Popular dende o Goberno do Estado, e tamén o feito de gravar o IBI as instalacións que ata de agora estaban exentas, ven a significar un novo golpe que se traduce na intención de acabar con aqueles que aínda existen no agro.

Polo anterior, traslada estar a favor coa bonificación do 95%, coa advertencia da falta de



ACTA DO PLENO
Número: 2019-0013 Data: 09/09/2019
Cod. Validación: H4RJA3ZJYAKZKD476S6THMGMR | Corrección: http://aestrada.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 3 a 6

respaldo legal da bonificación do 50%, polo que, aínda que ninguén recorreu a Ordenanza fiscal, agardan que, polo ben de todos, esta medida non supoña ningún problema de carácter legal para os beneficiarios e para o Concello.

Pide a palabra o Concelleiro delegado de Facenda, **D. Alberto Blanco**, para, en primeiro lugar, manifestar con sorna a súa ignorancia sobre que o Concelleiro delegado de Promoción Económica, D. Óscar Durán, era o responsable de negociar o MERCOSUR, polo que lle aconsella que se vaia poñendo ao día.

Continúa aclarando que a taxa de 60 euros é para todas aquelas persoas que non se deron de alta voluntaria despois da campaña que fixo este grupo de goberno para que isto non ocorrera, xa que é consciente de que se fixo moita publicidade ao respecto, pero hai que ter en conta que as solicitudes preséntanse de maneira voluntaria e non se pode obrigar a ninguén, sen embargo, está aberta a posibilidade de que sexan presentadas de cara a exercicios vindeiros.

Di que non é coñecedor doutras medidas que se poidan tomar, porque dentro das bonificacións potestativas que pode implantar o Concello, esta é a única. Tamén lle quere lembrar á voceira do grupo de MOVETE que foi o Partido Socialista quen fixo a modificación que obriga a pagar polos pendellos e demais, aínda que entrou en vigor cando pasou a gobernar o Partido Popular.

Contestando a pregunta de por que non se fixo ata o 2018, di que o Concello da Estrada incorporouse á forza na última "ventana" para a regularización catrastral, o que carreou a obriga de facer a mesma, co cal todos os obrigados libráronse de pagar anos anteriores, nacendo nese momento a oportunidade e posibilidade de facer a modificación da Ordenanza co fin de fixar a bonificación a favor das explotacións gandeiras e agrarias.

Non habendo máis intervencións, procédese á votación, adoptándose, por unanimidade, o seguinte **ACORDO:**

Vista a proposta do Concelleiro Delegado de Facenda de data 16 de xullo de 2019.

Vistas as solicitudes presentadas en tempo e forma para obter a bonificación por usos agrarios, gandeiros ou forestais do apartado 4 bis do artigo 9 da ordenanza do Imposto sobre Bens Inmobles,

Tendo en conta que este beneficio fiscal está sometido á condición de que o Pleno do Concello declare de especial interese ou utilidade municipal as actividades económicas realizadas nos inmobles por concorrer circunstancias sociais, culturais, histórico-artísticas ou de fomento do emprego,

Vista a documentación en cada caso achegada,

Considerando que o apoio e a promoción da economía estradense requiren medidas de impulso ás actividades do sector primario, como é o caso das explotacións agrícolas e gandeiras realizadas nos respectivos inmobles,

Emitidos informes pola Intervención municipal.

Vista a normativa de aplicación.

Visto o Ditame acadado pola Comisión Informativa de data 16 de xullo de 2019.

**ACORDAMOS:**

Declarar de especial interese ou utilidade municipal as actividades económicas desenvolvidas nos inmobles que figuran no anexo ao presente ditame, para os efectos da aplicación da bonificación por usos agrarios, gandeiros ou forestais do apartado 4 bis do artigo 9 da ordenanza do Imposto sobre Bens



ACTA DO PLENO
Número: 2019-0013 Data: 09/09/2019
Cód. Validación: H4RJA3ZJYAKZKD476S6THMGMR | Corrección: http://aestrada.sedelectronica.gal/
Documento asinado electrónicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 4 a 6

EXCMO CONCELLO DA ESTRADA

Inmobles, a favor dos titulares catastrais dos inmobles indicados, nas porcentaxes que en cada caso procedan.

**ANEXO**

**Nº Expte.; SOLICITANTE; REFERENCIA CATASTRAL; LUGAR/PARROQUIA; % Bonificación**

1134; [redacted]; 000903900NH43A0001JO ; Igrexa-Paradela; 50%
1520; [redacted] ; 36017J503001840000OF; S. Miguel de Cora; 95%
1454; [redacted] ; 36017A301002410000XI ; Marcenlos-Codeseda; 95%
1454; [redacted] ; 36017A301002560000XQ; Marcenlos-Codeseda; 95%
1443; [redacted] 36017C515014030000TZ ; Alto da Cruz-Matalobos; 95%
1443; [redacted]; 36017C515014040001YI; Alto da Cruz-Matalobos; 95%
1555; [redacted]; 36017D506060010000XF; Ancorados-S.Pedro Ancorados; 95%
1125; [redacted] 36017F515010190000PU; Nogueira-Curantes; 95%
1552; [redacted] ; 36017A126004830000RL; Curantes Novo-Curantes; 95%
1132; [redacted] ; 36017A405001940000IG; Carballal-Arca; 95%
1132; [redacted] ; 36017A405001830000IS; Carballal-Arca; 95%
1132; [redacted] ; 36017A405001770000II; Carballal-Arca; 95%
927; [redacted] ; 36017A015000930000KG; Vendexa-Orazo; 95%
1140; [redacted] ; 36017J506004950000OT; Barro-Cora; 95%
1556; [redacted] ; 001400100NH32E0001LQ ; Requián-Frades; 50%
1458; [redacted]; 0009004 00NH32G 0001DL ; Santa Mariña de Barcala; 50%
1458; [redacted]; 0004023 00NH32G0001DL; Santa Mariña de Barcala; 50%
1222; [redacted]; 36017F504004410000PG ; A Igrexa-Rubín; 95%
1508; [redacted] ; 36017P501000580000DA ; A Painceira-Guimarei; 95%
1508; [redacted] ; 001401900NH42E0001HT; A Painceira-Guimarei; 50%
1444; [redacted]; 36017A058101280001LO; Valcárceles - S.Xurxo de Vea; 95%
898; [redacted] ; 36017A020002400000KP; Marque-Riveira; 95%
1169; [redacted]; 36017G513002460001TT; Chaín-Frades; 50%
1447; [redacted] 000802200NH52E0001QO ; Fraíz-Olives; 95%
1540; [redacted]; 36017M522050030000FH ; San Martiño-Riobó; 95%
1540; [redacted]; 000901800NH43B0001BK ; San Martiño-Riobó; 50%
1451; [redacted] ; 36017A122002050001TK ; Os Balseiros-Rubín; 50%
1535; [redacted] ; 002202100NH42H0001OO ; Cimadevila-Callobre; 50%
1130; [redacted]; 36017F519001350000PK; Fontecova-Lamas; 95%
1129; [redacted] ; 36017J505003530000OG; S. Miguel de Cora; 95%
1386; [redacted] ; 36017L515001510000BW; Costenla-Nigoi; 95%
1526; [redacted] 36017D503060010000XG; O Castro-S. Tomé Ancorados; 95%
1177; [redacted]; 36017E508003340000HS; Gondomar de Abaixo-S. Xiao de Vea; 95%
1554; [redacted]; 36017J505003430000OZ; S.Miguel de Cora ; 95%
1462; [redacted]; 36017C519004690000TW; Aldea Grande-Aguións; 95%
1212; [redacted] 36017J505003480000OB; S. Miguel de Cora; 95%
1213; [redacted]; 36017J505003490000OY; S. Miguel de Cora; 95%
1465; [redacted]; 36017A102002580000RA; Preguecido-Aguións; 95%
1220; [redacted]; 36017L515001390001ZK ; Costenla-Nigoi; 50%
1218; [redacted]; 36017L515001410000BI; Costenla-Nigoi; 95%
1505; [redacted]; 36017F506000790000PF ; O Vede-Rubín; 95%
1379; [redacted] ; 36017A056103770000KH; Loureiro-S.Xurxo de Vea; 95%
1380; [redacted] ; 36017E527008630000HH; Loureiro Ab.-S.Xurxo de Vea; 95%
1135; [redacted]; 36017A324000050000XH ; Abragán-Codeseda; 95%
1449; [redacted] ; 36017L519007000000BG; Bustelo-Nigoi; 95%
1514; [redacted]; 36017E514001170000HL ; Trazarís-S.Andrés de Vea; 95%
1532; [redacted]; 000402600NH32G0001JL ; Santa Mariña de Barcala; 50%
1372; [redacted] 002300800NH42E0001BT ; Alemparte-Ouzande; 50%
760; [redacted] 36017J507001170000OT; Santeles de Abaixo-Santeles; 95%
1121; [redacted] ; 36017J507001180000OF; Santeles de Abaixo-Santeles; 95%
1533; [redacted]; 36017J514008080000OH; Pearo-Santeles; 95%
1126; [redacted] 36017F502001990000PG ; Os Vilas-Rubín; 95%
1453; [redacted]; 36017T502000660000SW; Vilar-Ribela ; 95%
1568; [redacted] ; 36017L513006300000BK ; Paredes-Parada; 95%
1507; [redacted] ; 36017F506010580000PX ; O Vede-Rubín; 95%
1459; [redacted] ; 36017P510005680000DM ; Penarada-Ouzande; 95%
1459; [redacted]; 36017P510005690000DO; Penarada-Ouzande; 95%
1459; [redacted] ; 001700100NH42E0001AT; Penarada-Ouzande; 50%
1217; [redacted]; 36017F525011010000PR; A Brea-Pardemarín; 95%
1441; [redacted]; 36017H510001580000ZD; Penaporrín-Loimil; 95%
1359; [redacted] 36017J505005280000OJ; Vilacriste-Cora; 95%



ACTA DO PLENO
Número: 2019-0013 Data: 09/09/2019

Cod. Validación: H4RJA3ZJYAKZKD476S6THMGMR | Corrección: http://aestrada.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 5 a 6

EXCMO CONCELLO DA ESTRADA

1457; [redacted]; 36017X508060020000AU; Fraiz-Olives; 95%
1457; [redacted]; 36017X508060020001SI ; Fraiz-Olives; 50%
1565; [redacted]; 001902500NH33D0000ZI; S. Miguel de Cora; 95%
1127; [redacted] ; 36017A199060010000RG; Vilaboa-Codeseda; 95%
1383; [redacted] ; 001000200NH42C0001IP; Sandán-Tabeirós; 95%
1216; [redacted] 000900100NH42D0001OL ; A Brea-Pardemarín; 50%
1170; [redacted]; 36017T501000430000SK; Vilar-Ribela; 95%
1461; [redacted]; 001702000NH53C0000SU; Riomao-Loimil; 95%
814; [redacted]; 36017A015000970000KT; Vendexa-Orazo; 95%
1448; [redacted] ; 36017X506001350001SU ; Fieitoso-Olives; 50%
1214; [redacted] ; 36017F512107570001AW; Pazos-Olives; 95%
1215; [redacted] ; 36017A139001650000RE; Pazos-Olives; 95%
1510; [redacted] ; 36017H503003920000ZZ; Valdarís-Orazo; 95%
1387; [redacted] ; 36017R514000770000QW; Outeiro-Oca; 95%
1536; [redacted]; 36017X503000530000AL ; Fraiz-Olives; 95%
1536; [redacted]; 36017X508002870000AT ; Fraiz-Olives; 95%
1370; [redacted]; 36017J5210021300000Q ; S. Miguel de Cora; 50%
1131; [redacted]; 001900300NH43B0001HK ; Agolfa-Sto. Tomé de Ancorados; 50%
1504; [redacted]; 36017E522002390000HS; Loureiro Ab.-S.Xurxo de Vea; 95%
1509; [redacted] ; 36017E516004870000HL; Ramiráns-S. Andrés de Vea; 95%
1450; [redacted] ; 36017K504003930000EX; Moreira Vella- Moreira; 95%
1564; [redacted]; 001800600NH42B0001GQ; Trabadela-Ribela; 50%
1375; [redacted] ; 36017F519001720001AF ; Sobrado-Lamas; 50%
1378; [redacted]; 36017A122000540000RH; Sobrado-Lamas; 95%
1511; [redacted] ; 36017J507001140000OQ ; Santeles de Abaixo-Santeles; 95%
1566; [redacted] 36017L503001980000OZ; S. Miguel de Cora; 95%
901; [redacted]; 36017L504005000000BA ; A Consolación- Tabeirós; 95%
919; [redacted]; 36017J519015070000OY; Vilanova-Santeles; 95%
1500; [redacted] 36017E519009550000HG; Paramá-San Andrés de Vea; 95%
1360; [redacted]; 36017H510001800000ZG; Sobreira-Loimil; 95%
1456; [redacted] 36017D529003560000XD ; Gonxar-Agar; 95%
1456; [redacted] 36017D529003570000XX; Gonxar-Agar; 95%

Non habendo máis asunto de que tratar, levántase a sesión sendo as vinte horas cincuenta minutos da data do seu comezo.

**DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE**

ACTA DO PLENO
Número: 2019-0013 Data: 09/09/2019

Cod. Validación: H4RJA3ZJYAKZKD476S6THMGMR | Corrección: http://aestrada.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 6 a 6